

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 80

ano 13

xaneiro-febreiro 2019

A Segunda República en Ourense (VI) **JOSÉ SABUCEDO: SEGUNDA ESPADA DE CALVO SOTELO**

As **eleccións** de novembro de 1933 supuxeron un cambio na política da Segunda República, xa que foron as eleccións xerais que constituíron as primeiras Cortes ordinarias da República, ademais de ser os primeiros comicios xerais nos que puideron votar as mulleres en España. Nesas eleccións, a diferenza das realizadas en xuño de 1931, a vitoria estatal recaeu do lado das dereitas, sendo a *Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA)*, presidida por José María **Gil Robles**, a formación máis votada e que tivo maioría relativa nas Cortes; esta foi seguida do *Partido Republicano Radical (PRR)*, liderado por Alejandro **Lerroux**, quen presidiría o novo executivo.

A **acta notarial** solicitada por José Arias Estévez, apoderado no distrito de Trives de **Renovación Española (RE)**, tras a fin do escrutinio da votación das mencionadas eleccións, é a que protagoniza este número de *Fronda*. Nela, confirmase a vitoria de José **Sabucedo Morales**, líder de RE en Ourense e candidato no distrito de Trives.


En Ourense, nestes comicios de 1933, os nove escanos en liza caeron na dereita do espectro político, mais só un foi a parar á CEDA. Carlos **Taboada Tundidor**, líder de **Acción Popular (AP)** en Ourense, entidade adherida á confederación dereitista, obtivo a única acta de deputado para o partido de masas de Gil Robles.

Outro escano caeu nas mans do **Partido Agrario Español (PAE)**, precisamente no irmán do presidente de AP ourensán, Antonio Taboada Tundidor. Os sete escanos das maiorías foron repartidos entre RE e o PRR, quen obtivo a vitoria con catro escanos grazas á figura do heterodoxo párroco **Basilio Álvarez**, brillante orador e personaxe moi influente no Ourense republicano.

RE, quen obtivo os restantes tres escanos, tivo os dous candidatos máis votados das listas electorais: José Sabucedo Morales, con máis de 91.000 votos, e José **Calvo Sotelo**, con máis de 87.000 votos.

Na totalidade do Estado, RE só obtivo 14 escanos dos 473 das Cortes de 1933. Deses catorce, tres foron obtidos na provincia de Ourense. Os resultados son o reflexo do poder que tiña José Calvo Sotelo en Ourense. A

forte rede de influencias que tiña na provincia, permitiulle crear un **“feudo” político** propio durante toda a Segunda República (1931-1936), tema tratado no número 78 de *Fronda*.



1933, novembro, 21. Pobra de Trives (Ourense)
Traslado notarial da acta de confrontación das copias e certificados das actas de constitución de mesas e votacións do termo municipal da Pobra de Trives.

Papel, escritura mecanografiada; castelán; 32,5 x 21,7 cm.
AHPOu, Carlos Taboada Tundidor, C. 24111/24.

José Sabucedo Morales

José Sabucedo Morales (Santiago de Compostela, 23/07/1881 – Ourense, 24/07/1937) foi un dos referentes do conservadorismo galego durante o primeiro terzo do século XX. **Avogado** de profesión, militou no Partido Conservador dende a década de 1910. En 1915, conseguiu a acta de **deputado provincial** polo distrito de Carballiño-Ribadavia até 1920.

O seu primeiro cargo a nivel nacional chegará en 1920, cando se presenta como **deputado a Cortes** por Lugo, sendo elixido polo distrito de Monforte de Lemos. As eleccións que o levan a Madrid son anuladas, perdendo o escano; malia isto, en febreiro de 1921, é nomeado **presidente da Deputación de Ourense**.

A súa influencia en Ourense comezou a medrar baixo a influencia do **conde de Bugallal**, líder do conservadorismo monárquico en Galicia durante o primeiro terzo do século XX ata o seu exilio en 1931. En 1922, Sabucedo Morales foi designado representante deste na provincia ourensá. E, en 1923, foi elixido **senador** por Ourense.

Troco de roles

A marcha ao exilio de Gabino Bugallal, permitiu a José Sabucedo Morales aumentar o seu poder na provincia de Ourense. Mais, ao igual que en 1920, non o fixo só, senón que comezou a apoiar o líder de **Unión Monárquica Nacional** (UMN), base da futura *Renovación Española*, o tudense José **Calvo Sotelo**.

Estando este último tamén no exilio, Sabucedo Morales puxo a **rede de influencias** do Partido Conservador ao seu servizo, sendo vital para que, en xuño de 1931, obtivese a acta de deputado nas Cortes Constituíntes. Non foi até febreiro de 1933 cando, definitivamente, José Sabucedo ofrezca ao líder de UMN a fusión cos restos do **bugallismo** ourensán. De aí naceu, en marzo de 1933, **Renovación Española**. Sabucedo fíxose coa presidencia provincial do partido e obtivo os mellores resultados dun candidato a deputado en Cortes por Ourense tanto nas eleccións de novembro de 1933 como nas de febreiro de 1936.


A relación con Acción Popular

Co nacemento do partido dereitista **Acción Popular** (AP) en Ourense, ligado dende a súa fundación en setembro de 1933 á CEDA, José Sabucedo Morales comezou a cartear co seu presidente provincial, Carlos **Taboada Tundidor**. O temor ao crecemento dunha formación conservadora rival en Ourense era algo que **preocupou** tanto a Sabucedo Morales como a Calvo Sotelo. E si é certo que a influencia de AP creceu entre 1933 e 1935, mais o seu poder político na provincia era pírrico ao lado da influencia de dos líderes de RE.

As relacións que mantiveron ambos os partidos sempre foron tensas. Isto confirmase a través da numerosa **correspondencia** de Carlos Taboada Tundidor con outros políticos de AP, na que critica a RE e as súas ile-

galidades electorais. Pola contra, a imaxe dada cara a fóra polas dúas formacións era de certa cordialidade.

Na **campaña electoral** dos comicios de febreiro de 1936, o mencionado medo de RE respecto a AP era evidente. Por isto, Calvo Sotelo formou unha coalición electoral, coñecida como **Bloque Nacional**, co fin de constituír unha fronte común que contrarrestase as forzas



Saúdo de José Sabucedo Morales a Carlos Taboada Tundidor comunicándolle a chegada de Calvo Sotelo a Ourense. 27 de xullo de 1934. AHPOu, Carlos Taboada Tundidor, C 24111/41 (078)

esquerdistas da *Fronte Popular*, aglutinando os partidos dereitistas non republicanos baixo o seu liderado e o seu control, entre os que se atopou AP.

A acta notarial que protagoniza este número de *Fronde* atópase no **fondo documental Carlos Taboada Tundidor** do AHPOu, xunto coa numerosa correspondencia deixada polo político ourensán durante o tempo que foi deputado en Cortes (1933-1935). Toda esta documentación foi cedida polos seus herdeiros, por iniciativa de Carlos Palao Taboada, no ano 2011.